

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de maio de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cinco minutos do día trinta de maio de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(575).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(576).- SUBVENCIÓN A “CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA OCTAVIO DE VIGO” PARA SUFRAGAR OS GASTOS DO PROXECTO ACADEMIA DEPORTE E DOS DESPRAZAMENTOS DA TEMPADA 2012-2013. Expte. 9898/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.05.13, o informe de fiscalización do 28.05.13, e de acordo co informe-proposta do 27.05.13, do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder á Sociedade Deportiva Octavio de Vigo, CIF G-36907384 unha subvención pola contía de 30.000 euros para axuda dos gastos do Proxecto Academia Deporte e dos desprazamentos da entidade para a tempada 2012-2013, que será de

cargo á partida 912.0.489.00.04 (outras subvencións) do orzamento actual, ou á súa bolsa de vinculación. Este importe será aboado da seguinte forma:

- a) 4.540,31 euros serán aboados directamente ó Instituto Municipal dos Deportes de Vigo, como pago das débedas pendentes da entidade S.D. Octavio polos usos deportivos do equipo de élite.
- b) 25.459,69 euros serán aboados directamente á entidade S.D. Octavio.

2º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

3º.- A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

4º.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

5º.- A beneficiaria, antes do 10 de decembro de 2013, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas orixinais do importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado

pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6º.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar esta ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

7º.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

9º.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

10º.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

11º.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

3(577).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS PARA ORGANIAR A 49ª EDICIÓN RALLYE INTERNACIONAL RÍAS BAIXAS-CAMPEONATO DE ESPAÑA, OS DÍAS 30 E 31 DE MAIO E 1 DE XUÑO. EXPTE. 12080/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.05.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Escudería Rías Baixas, a organizar os vindeiros días 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2013, a 49ª EDICIÓN RALLYE INTERNACIONAL RÍAS BAIXAS – CAMPEONATO DE ESPAÑA. Dito evento iniciárase o día 30 de maio no Monte do Castro e rematará ás 19,30 horas do día 1 de xuño na Porta do Sol, coa conseguinte ocupación de vía pública nas rúas Hispanidade, Camelias, Paseo dos Cedros, Manuel Olivié, Paseo Rosalía de Castro, Paseo do Cronista Xosé Mª Alvarez Blázquez, Camino de Atalaia, Amor Ruibal e Hispanidade.

4(578).- SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA RÍAS BAIXAS POLA ORGANIZACIÓN DO RALLYE RÍAS BAIXAS 2013. EXPTE. 12086/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 19.04.13, o informe de fiscalización do 27.05.13, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.04.13, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión de subvención directa á Escudería Rías Baixas, para a celebración da 49ª Edición do Rallye Rías Baixas, que se vai celebrar na cidade os días 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2013, de acordo cos condicionantes que de seguido se transcriben:

Primeiro: A entidade Escudería Rías Baixas comprométese a colaborar coa Concellería de deportes do Concello de Vigo en canto á organización da 49ª edición do Rallye Rías baixas e, concretamente, a:

1º.- Organizar o "49º Rallye Rías baixas" que se vai celebrar en Vigo conforme ao proxecto xeral presentado entre o 30 de maio e o 1 de xuño de 2013.

2º.-Asumir as responsabilidades derivadas da organización do evento, cubrindo unha póliza de responsabilidade civil en contía suficiente, tendo en conta a importancia do evento.

3º.- Empregar o galego como idioma cooficial da proba en todos os medios de difusión e promoción. Así mesmo, durante a celebración do evento, figurará en lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo e a Concellería de Deportes.

4º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude.

5º.- Cumprir todas as normas do clausulado da resolución.

Segundo: Por outra banda, o Concello de Vigo, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade Escudería Rías Baixas na realización dos trámites necesarios ante o Concello de Vigo para a realización do evento deportivo "49º Rallye Rías Baixas" que se vai celebrar en Vigo entre o 30 de maio e o 1 de xuño de 2013.

2º.- Autorizar a organización da 49ª Edición do Rallye Rías Baixas á Escudería Rías Baixas, para a celebración do mesmo os días 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2013.

3º.- Conceder directamente á entidade Escudería Rías Baixas unha subvención por importe de 12.500,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da 49ª Edición do Rallye Rías Baixas que se vai celebrar na cidade de Vigo os días 30 e 31 de maio e 1 de xuño de 2013.

4º.- Para o pago do importe da subvención se procederá a un pago anticipado de acordo coas seguintes condicións:

O 50% (6.250,00€) do importe total proposto, será abonado mediante transferencia bancaria á Escudería Rías Baixas, trala aprobación da presente resolución, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación oitava da presente resolución. O pagamento realizarase con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

Terceiro: Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto: Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto: A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50% do importe da actividade subvencionada.

Non poderan ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

Sexto: A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión da imaxe da Concellería de Deportes en calquera acto pro-

mocional da proba así como en todo o material gráfico e a cartelería editada con motivo da promoción do evento.

Sétimo: *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

Oitavo: *A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa conformada na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa conformada deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada.

Os xustificantes acreditativos por importe da subvención dos gastos vinculados ó proxecto da presente resolución cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*
- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de deportistas, técnicos, etc..) emitidos que recollan adecuadamente os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
- Nos documentos xustificativos dos gastos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado nesta resolución.*
- Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

Noveno: *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

Décimo: Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo Primeiro: A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo Segundo: A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo Terceiro: Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo Cuarto: Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estara-se ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo Quinto: A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo Sexto: A concesión da subvención obxecto do presente rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas consideracións que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

SEGUNDO: Aprobar e dispoñer o gasto de 12.500,00€ a favor da entidade Escudería Rías Baixas, CIF: G-36645398, e con enderezo social na 1ª Travesía a Cordoeira, 19 baixo Vigo 36210. O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria á entidade, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Aprobar o seguinte procedemento de pago, de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (6.250,00€) do importe total proposto, será abonado á Escudería Rías Baixas, á aprobación da presente resolución de concesión de subvención directa, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Escudería Rías Baixas CIF: G-36645398, trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na resolución.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Mª Jesús Lago Rey.